Unidade 10: Do colonialismo á globalización.

Resumo

As culturas e elementos cuturais poden entenderse mellor nun marco que as explique como causas e efectos das condicións históricas e trate as diferentes comunidades en tanto que axentes ou victimas de determinados procesos, por exemplo, de expansión política ou económica, noutrora vencellados á presenza dos colonizadores e hoxe á expansión da política económica neoliberal que explica a globalización.

Desde esta perspectiva, tratamos neste tema de achegarnos ás relacións coloniais que definiron o contacto cultural a partir do século XV e que se prolongaron, nalguns casos, até o século XX.

Despois de explicar a emerxencia de conceptos (e das súas implicacións ideolóxicas) tales como “desenvolvemento” e “subdesenvolvemento”, ‘Primeiro Mundo’ e ‘Terceiro Mundo’ , “Norte” e “Sul”, ou a máis recente “paises en vías de desenvolvemento”, abordamos as carácteristicas máis salientables da Globalización e da política neoliberal que a sostén. Rematamos o tema cunha pequena reflexión sobre algúns dos retos da antropoloxía neste panorama globalizado.